



Autorización para a toma, tratamento, reprodución e publicación de vídeos e imaxes enmarcadas dentro do proxecto de cooperación “Alimentos da Biosfera. Rede para a promoción de circuitos curtos alimentarios asociados á marca Reserva de Biosfera Españolas”

No proxecto “Alimentos da Biosfera. Rede para a promoción de circuitos curtos alimentarios asociados á marca de Reserva de Biosfera Españolas” participan os Grupos de Desenvolvemento Rural: ADR Mariñas – Betanzos, Asociación Seitura 22, GDR Ulla – Tambre – Mandeo, Asociación Terras de Miranda, ADC Terra Chá, ADR Comarca de Lugo, Asociación Montes e Vales Orientais, ADR Limia – Arnoia, Asociación Miño – Ulla.

Neste centro escolar celebraranse dúas xornadas de menús con produto local e/ou ecolóxico, proporcionados no marco deste proxecto, co obxectivo de fomentar unha alimentación saudable, promocionar os circuitos curtos e favorecer o desenvolvemento económico da contorna.

Nestas xornadas realizaranse **fotografías e vídeos (que poderán incluír tanto a imaxe física como a voz)**, utilizados con fins exclusivamente de difusión deste proxecto.

En cumprimento do disposto na normativa legal respecto á protección de datos, precisamos o **consentimento dos pais e nais ou titores legais** da rapazas e rapaces do Centro para poder empregar as súas imaxes (fotografías e vídeos) na páxina web, nas contas e perfís sociais, así como calquera outro tipo de soporte documental dos diferentes GDR participantes no proxecto.

Así mesmo informámoslle tamén de que:

A negativa na firma desta autorización será tida en conta polo equipo técnico da Reserva de Biosfera aos efectos de evitar, na medida do posible, a toma de imaxes do alumno/a ou proceder, no seu caso, a distorsionar as mesmas ao fin de impedir a súa identificación, cando apareza na foto con outros alumnos/as respecto dos cales si se autorizase o uso, tratamento ou cesión das súas imaxes.



seitura 22
FERROL ESMER. OURENSE. MIÑO. VILARMAIOR



Asociación GDR 1
Terras de Miranda.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

Terra Chá
iNatural...mentel

GDR-4
Asociación para o
Desenvolvemento
Rural da
comarca de lug



Limía-Arnoía
GDR-10

Miño Ulla

Os pais, nais ou titores legais poderán en calquera momento acceder aos datos persoais facilitados nesta autorización, así como ás imaxes tomadas do alumno/a co fin de poder exercer os dereitos de rectificación, oposición ou cancelación, previstos na LOPD (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais). Isto poderano facer dirixindo unha comunicación por escrito á Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, Rúa San Marcos s/n, 15318 – Abegondo (A Coruña), ou remitir un correo electrónico a info@marinasbetanzos.gal, incluíndo en ambos casos, unha copia do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

A presente autorización deberá de ser cumprimentada e asinada, sempre que sexa posible, por AMBOS PROXENITORES (pai e nai) ou TITOR/ES LEGAIS do/a alumno/a:



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



X 21-22